

## BASES DO CONCURSO

### 1. Organización.

Este sorteo está organizado polas Bibliotecas Municipais da Coruña en colaboración co Festival Mar de Mares.

### 2. Duración do concurso

A data de inicio para participar no concurso será o 08 de setembro ás 12 horas, hora local da Coruña; participación que se dará por finalizada o luns 18 ás 10 horas da mañá.

### 3. Requisitos e mecánica da participación no concurso

Poderás participar no concurso se:

- Segues en Instagram as Bibliotecas Municipais da Coruña (@bibcoruna) e o Festival Mar de Mares (@festivalmardemares).
- Subes a Instagram (dende o teu perfil en forma pública) unha fotografía dun libro que recomendes coa temática do mar indicando no texto o porqué da túa achega.
- Mencionas e etiquetas na publicación a @bibcoruna e @festivalmardemares e usas os cancelos #OMeuMardeLibros, #FestivalMardeMares e #Xcelebra.

Entre todas as persoas que sigan estes pasos sorteamos: **1 pack de 2 entradas para a actividade “[Ruta salgada Mar de Mares](#)”, un paseo gastronómico en veleiro pola ría** que terá lugar o domingo 24 ás 11:30h. O luns 18 de setembro ás 14h., mediante a ferramenta en liña *randorium.com*, seleccionárase ao azar 1 usuario/a de IG de entre os participantes, e esta persoa será a gañadora.

### 4. Comunicación e persoas gañadoras

A comunicación da persoa gañadora farase a través dun comentario na fotografía publicada en IG.

En casos de renuncia ou imposibilidade de establecer contacto, repetirase o sorteo. Se algunha das persoas gañadoras non responde antes do 20 de setembro, perderá todo dereito a reclamar o premio e ese mesmo día realizarase un novo sorteo.

### 5. Aceptación das bases

A participación neste concurso supón a aceptación total das presentes bases.